

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CENTRO EPA RÍO LÉREZ

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

CURSO 2022-2023

Profesores:

María del Carmen Entenza Vidal

Sara Martínez Martínez

M^a Yolanda Moldes Lorenzo

Daniel Pazos Gómez

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
 - 1.1. Contexto legal
 - 1.2. Contexto educativo
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. ENSINANZAS IMPARTIDAS
 - 3.1. Iniciación e Perfeccionamento**
 - 3.1.1. Introducción
 - 3.1.2. Material didáctico
 - 3.1.3. Temporalización, contidos e criterios de avaliación
 - 3.2. Nivel II**
 - 3.2.1. Introducción
 - 3.2.2. Obxectivos
 - 3.2.3. Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave
 - 3.2.4. Criterios de promoción
 - 3.2.5. Procedementos de avaliación
 - 3.2.6. Criterios de cualificación
 - 3.2.7. Metodoloxía
 - 3.2.8. Materiais e recursos didácticos
 - 3.2.9. Temas transversais
 - 3.2.10. Medidas de atención á diversidade
 - 3.3. ESA presencial e semipresencial**
 - 3.3.1. Introducción
 - 3.3.2. Obxectivos
 - 3.3.3. Metodoloxía
 - 3.3.4. Materiais e recursos didácticos
 - 3.3.5. Atención á diversidade
 - 3.3.6. Temporalización
 - 3.3.7. Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución
 - 3.3.8. Secuencia de contidos
 - 3.3.9. Procedementos de avaliación
 - 3.3.10. Criterios de cualificación
 - 3.3.11. Criterios de promoción e titulación
 - 3.3.12. Procedementos de recuperación

3.4. Bacharelato semipresencial

3.4.1. Introducción, Contextualización e Obxectivos da etapa

3.4.2. Primeiro de bacharelato (aplicación PROENS)

3.4.3. Segundo curso de bacharelato

3.4.3.1. Obxectivos do curso

3.4.3.2. Competencias clave

3.4.3.3. Secuencia de contidos

3.4.3.4. Descrición dos contidos

3.4.3.5. Relación dos criterios, contidos e estándares de aprendizaxe con outros aspectos curriculares por unidade

3.4.3.6. Estándares de aprendizaxe avaliábeis

3.4.3.7. Criterios de avaliación

3.4.3.8. Avaliación e promoción

3.4.3.9. Procedementos de avaliación

3.4.3.10. Criterios de cualificación

3.4.3.11. Recuperación para alumnos coa materia pendente

3.4.3.12. Metodoloxía didáctica

3.4.3.13. Materiais e recursos didácticos

3.4.3.14. Medidas de atención á diversidade

4. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN, O PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. CONTEXTO LEGAL

A programación referida aos cursos da ESA e 2º de bacharelato baséase na Lei Orgánica 8/2013 e no Decreto 86/2015, que concreta as bases educativas do currículo para a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, as circulares 4/2017 e 5/2017 ditan as instrucións para o desenvolvemento do currículo marcado no Decreto 86/2015 para as ensinanzas básicas para persoas adultas nas modalidades presencial e semipresencial, e para o bacharelato semipresencial. Asimesmo, a programación do primeiro curso de bacharelato, que figurará nun documento anexo, baséase no Real Decreto 243/2022 do 5 de abril e o Decreto 157/2022 do 15 de setembro.

1.2. CONTEXTO EDUCATIVO

O centro EPA RÍO LÉREZ, de titularidade pública, dependente da Consellería de Educación e Ordenación universitaria da Xunta de Galicia. Está situado na Avenida de Buenos Aires nº 26, da cidade de Pontevedra, capital de provincia. Pontevedra conta cunha superficie de 4.495 m² e cunha densidade de poboación de 943.117 habitantes (INE 2006) distribuídos en 62 concellos; na maioría o centro recibe alumnos de Pontevedra. É unha zona urbana onde a meirande parte da poboación dedícase principalmente ao sector servizos e á industria forestal. Compre destacar tamén unha alta taxa de poboación sen estudos ou con titulación inferior a graduado escolar (un 57 %). Destes datos podemos inferir que, en xeral, os alumnos do noso centro non recibirán grande axuda na casa en relación cos conceptos do seu proceso de aprendizaxe.

O edificio está compartido co CEIP Vidal Portela, mais cada colectivo fai uso dos seus propios espazos. As plantas dedicadas á ensinanza de adultos son a terceira e cuarta. Non cabe mencionar aquí todas as dependencias do centro, pero faise especial fincapé na existencia dunha Aula de Informática e da Biblioteca, pois ambas son relevantes para posibles actividades relacionadas coa materia (busca de información, préstamo de libros etc.).

As aulas onde se imparten as clases son amplas e con moita luminosidade.

Estamos a falar dun Instituto de Secundaria para adultos, xa que logo, cúrsanse as seguintes ensinanzas regradas:

- A. Nivel I ou alfabetización.
- B. Nivel II ou afianzamento das técnicas instrumentais (perfeccionamento).

C. Nivel III ou Educación Secundaria para adultos (ESA) tanto na modalidade presencial coma na semipresencial.

D. 1º e 2º cursos de Bacharelato semipresencial para Adultos nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais. Somos tamén centro colaborador co IES San Clemente de Santiago na matrícula e na realización de exames a distancia.

Con carácter xeral, as ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas adultas cursaranse en dous anos académicos.

O EPA RÍO LÉREZ oferta tamén as seguintes ensinanzas non regradas:

- Aula Mentor: sistema de educación a distancia online promovido polo Ministerio de Educación e Ciencia en colaboración co CNICE.
- Español e galego para inmigrantes, iniciación á informática, perfeccionamento de informática (internet e office), iniciación ao francés e perfeccionamento do francés, iniciación ao inglés e perfeccionamento do inglés, e ximnasia de mantemento.
- PACS: Preparación das probas de acceso a ciclo superior de formación profesional.

Debido ás características propias dun centro de Educación de Adultos o alumnado é moi diverso, xa que presenta un abano moi amplo de idades, situación persoal, intereses e nivel de formación anterior.

- A. En canto á idade, o alumnado na súa maioría é maior de 18 anos ou cúmpreos no ano en que realiza a matrícula. Existe tamén no centro alumnado con 16 anos que acredita ter cursado un programa de garantía social ou que a realizan na actualidade compaxinando coa matrícula na ESO.
- B. Da mesma forma, hai alumnado de 16 anos en activo, cun contrato laboral que non lles permite acudir a un centro educativo en réxime ordinario.
- C. A área xeográfica de procedencia do alumnado é moi variada. Atopáanse alumnos tanto do núcleo urbano e bisbarra, como do rural e doutros concellos mais ou menos distantes, especialmente na modalidade de distancia na que os alumnos se agrupan por concellos. Existen alumnos que chegan de outras provincias de España ao igual que outros procedentes do estranxeiro, especialmente de América Latina e norte e oeste de África.
- D. O nivel socioeconómico. Atopamos un alumnado variado, alumnos autosuficientes con empregos diversos, alumnos desempregados, amas de casa, dependentes dos

pais etc. A situación familiar é tamén moi diversa, con mozos e mozas non emancipados e outros independentes.

- E. Nestes últimos anos obsérvase unha tendencia de alumnado entre 16 e 20 anos que non rematou o ensino secundario e atopa na EPA unha nova oportunidade de retomar os estudos e obter o título de graduado en secundaria.
- F. Asistencia: Coa finalidade de facilitar unha atención adecuada ás necesidades educativas do alumnado, no centro permítese a matrícula simultánea en presencial e distancia dos distintos ámbitos dos módulos I; II, III e IV e do nivel III.
- G. O centro permite o cambio de matrícula de presencial a distancia, sempre que exista unha causa xustificada. Na modalidade a distancia, cunha hora semanal e titorías telemáticas, a asistencia non é obrigatoria.
- H. A asistencia ás clases na modalidade presencial é obrigatoria. O número máximo de faltas de asistencia sen xustificar será dun 10% do horario e dun 20% se son xustificadas nun ámbito e dun 30% sen xustificar en todos os ámbitos

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

2.2.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A incorporación das competencias básicas ao currículo introduce dous novos enfoques: por unha banda permítenos identificar as aprendizaxes imprescindibles para o alumnado, e por outra banda achega unha visión integradora do proceso de aprendizaxe. Isto quere dicir que, aínda que as áreas e materias son as que ofrecen os contidos concretos diferenciados, a aprendizaxe deberá facerse dende unha perspectiva integradora e de colaboración. A materia de Inglés relaciónase moi directamente coa competencia en comunicación lingüística debido aos seus trazos comunicativos, sociais e culturais. Tamén contribúe ao desenvolvemento doutras competencias como a de aprender a aprender, a do tratamento da información e competencia dixital, á competencia social e cidadá, á competencia artística e cultural e á da autonomía e iniciativa persoal. De maneira máis tanxencial tamén contribúe ás competencias matemática e do coñecemento e a interacción co mundo físico, especialmente mediante a utilización do inglés como instrumento de información con outros contidos do currículo. Sen dúbida a materia de lingua inglesa contribúe, tanto pola súa natureza como pola súa asociación a nivel global co turismo, o comercio e o desenvolvemento técnico punteiro e todo o relacionado coas novas tecnoloxías, a desenvolver a competencia en comunicación lingüística, pois ofrece máis oportunidades para interactuar en situacións e contextos comunicativos da mais

diversa índole e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender. Porén, a lingua non só é un medio para a comunicación, tamén é unha ferramenta esencial para o acceso a outras aprendizaxes non lingüísticas. Isto, unido á utilización da gradación dos logros nas aprendizaxes propostas polo Marco Común Europeo de Referencia e ao uso consciente de estratexias de aprendizaxe, contribúe a espertar no alumnado a consciencia do estado dos seus coñecementos e o desexo de utilizar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información universal, favorecendo un proceso dinámico de aprendizaxe ao longo da vida. É por isto que a materia de lingua inglesa contribúe de xeito directo á competencia de aprender a aprender, xa que será a través dela que o alumnado accederá a distintos tipos de información, textos e contidos que lle permitan lograr a aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua ten tamén un compoñente social que vai axudar ao desenvolvemento persoal e profesional das persoas. A contribución da materia de inglés á competencia social e cidadá prodúcese a través de dúas vías. Por unha banda todas as linguas son un vehículo para a interacción social, e a súa aprendizaxe comprende non só os aspectos exclusivamente lingüísticos, senón tamén os compoñentes socioculturais que subxacen no uso desa lingua. Por outra banda, non podemos esquecer que toda lingua é un vehículo de transmisión cultural e que o seu coñecemento favorece a tolerancia e o respecto polas outras culturas, relacionando a cultura propia coa inglesa, aceptando a diversidade de valores, e superando prexuízos, favorecendo actitudes socialmente positivas tales como a cooperación a través do traballo compartido, o respecto ao interlocutor ou a participación activa en debates. Desde a materia de lingua estranxeira (Inglés), a contribución á competencia no tratamento da información e a competencia dixital vai ser esencial. O tratamento da información vaise traballar desde esta área como un contido específico a través de actividades que requiran do alumnado o manexo de fontes informativas en distintas linguas, soportes e modelos lingüísticos e o seu procesamento e presentación posterior. Da mesma maneira a contribución á competencia dixital vai ser continua, desde o uso das TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, correo electrónico, blogs, etc., pasando polo uso de distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, internet, presentacións de PowerPoint, Prezi... ata o uso de distintos recursos para a aprendizaxe das linguas: programas de software específicos, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira ofrece igualmente oportunidades para o achegamento ás súas principais manifestacións artísticas e culturais. Así, contribuírase ao

desenvolvemento da competencia artística e cultural do alumnado a través da presentación de modelos lingüísticos que conteñan valores artísticos ou culturais de maneira que aprenda a valoralos e a atopar goce estético neles.

O coñecemento dunha lingua estranxeira vai facilitar a competencia de autonomía e iniciativa persoal. Permítelle manexarse en situacións nas que, doutro xeito, non sería posible ou necesitaría de axuda. Supón a superación de dificultades e xera autoconfianza e autoestima, converténdose nunha ferramenta esencial á hora de desenvolver aspectos relacionados coa autonomía propia. Mediante a preparación e realización de tarefas comunicativas, fomenta o desenvolvemento da capacidade de xestionar os proxectos e iniciativas propias a través do traballo cooperativo, identificando as metas e as necesidades, propoñendo obxectivos, planificando accións e estratexias para conseguilos, buscando solucións ante as dificultades.

3. ENSEÑANZAS IMPARTIDAS

3.1. INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO INGLÉS (NON REGRADAS)

3.1.1. INTRODUCCIÓN

No mundo actual, caracterizado polas frecuentes relacións internacionais, a posibilidade de comunicarse nunha lingua estranxeira é unha necesidade fundamental. A capacidade de comunicarse noutro idioma permite entrar en contacto con outras culturas e estilos de vida, ademais de favorecer a comprensión e o respecto cara outras formas de pensar e actuar, facilitando unha visión máis ampla, comprensiva e rica da realidade.

O coñecemento dunha lingua estranxeira abre tamén novas posibilidades para gozar do lecer, incluíndo actividades como a lectura de obras literarias e prensa na lingua estranxeira, o visionado de películas e series en versión orixinal ou as viaxes ó estranxeiro, entre outras.

Por outra banda, o coñecemento da lingua estranxeira é esencial en dous aspectos básicos: constitúe un útil instrumento para o desenvolvemento persoal e profesional das persoas adultas.

A familiarización co uso do idioma estranxeiro proporciónalle ó alumnado adulto a posibilidade de acceder á comprensión e produción de textos orais e escritos de distinto tipo que máis se adecúen ás súas necesidades e intereses. Así mesmo, o coñecemento doutro idioma contribuirá tamén a perfeccionar-lo uso da lingua tanto en situación máis ou

menos controladas na aula coma nas relacións sociais fóra dela, entre outras. Por último, permitirá continua-lo contacto e a aprendizaxe autónomos fóra da aula.

3.1.2. MATERIAL DIDÁCTICO

Tanto no curso de Iniciación ó Inglés coma no de Perfeccionamento, empregaremos todo o material dispoñible e necesario para atender ás necesidades e aos diversos niveis de coñecementos que se poidan presentar ao longo do curso e se fora necesario empregariamos o método *English File Beginners* de O.U.P. e *English for Adults Today 1-2* de Burlington. En Iniciación, desenvolveremos os contidos correspondentes ás catro primeiras unidades, e en Perfeccionamento as seguintes que consideremos oportunas. Empregariamos tamén outro tipo de materiais coma audicións, visión de películas/vídeos, xogos, etc.

3.1.3. TEMPORALIZACIÓN, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A duración do cursos de Iniciación e de Perfeccionamento será durante o primeiro cuadrimestre (setembro - xaneiro), e no segundo cuadrimestre, de febreiro a xuño. Haberá dúas sesións semanais ao longo de todo o curso.

Os contidos adaptaranse ao nivel e aos intereses dos/as alumnos/as, e o profesorado será flexible en relación ó ritmo de traballo da clase. Hai que ter en conta que, segundo a experiencia do curso anterior, prestaremos unha atención detallada á diversidade, xa que os coñecementos do alumnado serán moi variados.

INICIACIÓN AO INGLÉS

UNIDADE 1

Ao final da unidade 1 o alumno debería ser capaz de:

- Saudar.
- Presentarse e dar información sobre vostede mesmo.
- Empregar correctamente o presente do verbo be, os pronomes persoais e os adxectivos
- posesivos.
- Deletrear palabras.
- Dar ordes.
- Enunciar obxectos da aula, os días da semana, as bebidas e os números do 1 ao 30.

UNIDADE 2

Ao final da unidade 2 o alumno debería ser capaz de:

- Empregar correctamente o artigo indefinido *a/an*, o artigo definido *the* e os pronomes demostrativos.
- Formar o plural das palabras.
- Empregar o presente simple coas persoas *I, we, you* e *they* correctamente.
- Enunciar profesións, os números cardinais 30-200 e os números ordinais (1st-10th).
- Saber preguntar o prezo das cousas e expresar cantidade.
- Empregar correctamente as preposicións de lugar *in, on, under* e *next to*.

UNIDADE 3

Ao final da unidade 3 o alumno debería ser capaz de:

- Pedir e dar información sobre a vida e costumes de terceiras persoas.
- Empregar correctamente a terceira persoa de singular do presente simple.
- Expresar a habilidade ou capacidade de facer algo.
- Preguntar a hora e expresar correctamente a resposta.
- Rexistrarse nun hotel.
- Enunciar vocabulario referente a verbos comúns, á hora ou referido a hoteis.
- Empregar as preposicións de tempo *in, at, on* correctamente.

UNIDADE 4

Ao final da unidade 4 o alumno debería ser capaz de:

- Describir persoas e obxectos mediante adxectivos básicos
- Graduar os adxectivos mediante os adverbios *very* e *quite*
- Expresar certeza mediante os adxectivos posesivos, o verbo *have got* e o caso posesivo.
- Enunciar os membros da familia, pertenzas e tendas nunha vila
- Formar os principais plurais irregulares
- Empregar correctamente os indefinidos *some* e *any*

PERFECCIONAMENTO DE INGLÉS

UNIDADE 5

Ao final da unidade 5 o alumno debería ser capaz de:

- Describir a rutina diaria propia e de terceiras persoas.
- Empregar as preposicións e conectores temporais para secuenciar distintas actividades.
- Expresar a frecuencia coa que se realizan actividades diversas.
- Enunciar actividades de lecer.
- Solicitar unha mesa e pedir comida nun restaurante.

UNIDADE 6

Ao final da unidade 6 o alumno debería ser capaz de:

- Preguntar polos gustos musicais doutras persoas e expresar os propios.
- Empregar correctamente os pronomes persoais de obxecto directo e indirecto, o pasado
- do verbo *be* e os adxectivos cualificativos.
- Saber describir o que hai nunha habitación: mobiliario e obxectos da casa.
- Empregar correctamente as preposicións *at/in* + lugar.
- Saber solicitar información turística: horarios, medios de transporte e prezos.

UNIDADE 7

Ao final da unidade 7 o alumno debería ser capaz de:

- Empregar correctamente o pasado simple dos verbos regulares e irregulares.
- Pronunciar correctamente a terminación *-ed* dos verbos regulares.
- Saber enunciar os números ordinais e as datas.
- Utilizar adecuadamente as preposicións temporais e de lugar.
- Saber pedir e dar indicacións para chegar a un sitio.
- Coñecer a diferenza entre os conectadores *after, after that* e *then*.

UNIDADE 8

Ao final da unidade 8 o alumno debería ser capaz de

- Empregar correctamente o presente continuo e diferenciar este tempo do presente simple
- Preguntar e describir a roupa que leva posta una persoa
- Expresar plans futuros coa forma *be going to* seguida de expresións de futuro
- Manter unha conversa telefónica

UNIDADE 9

Ao final da unidade 9 o alumno debería ser capaz de:

- Comparar dúas cousas ou persoas empregando correctamente o grao comparativo dos adxectivos
- Facer predicións sobre o que vai ocorrer no futuro utilizando *be going to* e respondendo afirmativa ou negativamente
- Expresar como se está a facer algo mediante adverbios de modo
- Falar sobre alimentos e bebidas empregando os cuantificadores *a/an/some/any /much /many*

- Preguntar por un artigo determinado nunha tenda de roupa e expresar unha opinión sobre el.

3.2. NIVEL II

3.2.1. INTRODUCCIÓN

A etapa educativa das ensinanzas básicas iniciais oriéntase ao desenvolvemento das competencias básicas, que permiten o alumnado adulto obter unha formación integral, tanto na súa dimensión persoal como social e laboral, sempre no horizonte da aprendizaxe ao longo de toda a vida. Estas ensinanzas organízanse en dous niveis, I e II. O segundo nivel está orientado á consolidación das habilidades instrumentais básicas adquiridas no primeiro nivel e á preparación para o acceso aos estudos de educación secundaria para persoas adultas.

Dado que a lingua estranxeira forma parte dos estudos de educación secundaria, neste nivel os alumnos adquirirán na materia de lingua estranxeira as habilidades instrumentais básicas necesarias para a continuación dos seus estudos no seguinte nivel.

3.2.2. OBXECTIVOS

As capacidades que se pretenden desenvolver neste nivel no ámbito da comunicación están contidas nos seguintes obxectivos:

- a. Desenvolver actitudes que axuden a persoa adulta a mellorar a súa valoración persoal e a confianza en si mesma.
- b. Mostrar actitudes de respecto e tolerancia fronte a persoas e costumes doutros medios ou culturas, valorando a interculturalidade.
- c. Adquirir as técnicas, destrezas e procedementos que lle axuden a desenvolverse con autonomía e comprender a realidade en que vive.
- d. Desenvolver actitudes que lle faciliten a participación nos ámbitos familiar, laboral e social, especialmente actitudes de tolerancia, comprensión e solidariedade, aceptando as regras e normas que democraticamente se establezan, respectando os puntos de vista diferentes e asumindo as responsabilidades que correspondan.
- e. Comprender e producir mensaxes orais e escritas en castelán e galego, atendendo a diferentes situacións e contextos.

- f. Desenvolver o interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira, mostrando curiosidade e respecto polos seus falantes e a súa cultura.
- g. Comprender mensaxes orais e escritas moi sinxelas nesa lingua estranxeira.
- h. Comunicarse a través dos medios de expresión matemática e visual, desenvolvendo o sentido lóxico, a sensibilidade estética, as actitudes creativas e o sentido crítico.
- i. Atopar respostas satisfactorias ás necesidades máis básicas.
- l. Na resolución de problemas, utilizar os procedementos oportunos para obter a información pertinente, representala mediante os códigos axeitados e ter en conta as condicións necesarias para a súa solución.
- m. Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do contorno natural e social e contribuír activamente, cada un dentro do seu ámbito de actuación, á defensa, conservación e mellora do ambiente.
- n. Desenvolver hábitos que beneficien a saúde, tanto individual como colectiva, e valorar as repercusións de determinadas condutas sobre a saúde e a calidade de vida.
- o. Utilizar e valorar os diferentes medios técnicos habituais, especialmente o ordenador persoal, como un medio útil para diferentes finalidades prácticas: escribir textos sinxelos e outras funcións habituais.

3.2.3. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II				
MÓDULO I: A TERRA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4: Lingua estranxeira			
• g	B4.1. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (nome, idade, estado).	B4.1. Preguntar e responder sobre aspectos persoais dun mesmo e dos demais.	B4.1.1. Pregunta e responde sobre aspectos persoais dun mesmo e dos demais.	• CCL
	B4.2. Utilizar expresións de relación social: saudar, despedirse e agradecer.	B4.2. Recoñecer e utilizar fórmulas básicas de relación social, adecuándose aos diferentes contextos formais e non formais.	B4.2.1. Diferencia saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Hello, goodbye, thank you).	
	B4.3. Preguntas e respostas sobre o nome, as cores, o número de teléfono, a hora, os animais, a comida favorita (What's...?) e sobre os obxectos (What is it...? It's..., This is a...).	B4.3. Preguntar e responder sobre o nome, as cores, o número de teléfono, a hora, os animais, a comida e os obxectos.	B4.3.1. Pregunta e responde sobre o nome, as cores, o número de teléfono, a hora, os animais, a comida e os obxectos.	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO I: A TERRA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B4.4. Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>B4.4. Relacionar os códigos oral e escrito co significado.</p>	<p>B4.4.1. Relaciona os códigos oral e escrito co significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	
	<p>B4.5. Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible</p>	<p>B4.5. Usar axeitadamente os sons da lingua estranxeira.</p>	<p>B4.5.1. Pronuncia palabras e frases cotiás da lingua estranxeira de forma comprensible.</p>	
	<p>B4.6. Lectura en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronunciación comprensibles.</p>	<p>B4.6. Ler en voz alta textos moi elementais, con entoación e pronunciación comprensibles.</p>	<p>B4.6.1. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.</p>	
	<p>B4.7. Uso de signos de puntuación básicos (interrogación, exclamación).</p>	<p>B4.7. Usar axeitadamente os signos de exclamación e interrogación en inglés.</p>	<p>B4.7.1. Usa con corrección os signos de exclamación e interrogación en frases sinxelas.</p>	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO I: A TERRA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B4.8. O grupo nominal: posición do adxectivo e uso dalgúns determinantes (The, this is, a).</p>	<p>B4.8. Localizar acertadamente a posición do adxectivo dentro do grupo nominal e usar con corrección os determinantes.</p>	<p>B4.8.1. Localiza a posición do adxectivo dentro do grupo nominal.</p>	
	<p>B4.7. Uso de signos de puntuación básicos (interrogación, exclamación).</p>	<p>B4.7. Usar axeitadamente os signos de exclamación e interrogación en inglés.</p>	<p>B4.8.2. Utiliza o determinante artigo (the), demostrativo (this) e indefinido (a).</p>	
	<p>B4.9. escoita, comprensión e uso do vocabulario básico sobre as cores, os animais, a comida e a bebida, a familia. Usa axeitadamente o grupo nominal.</p>	<p>B4.9. escoitar, comprender e usar mediante rutinas vocabulario básico sobre cores, animais, comida e bebida e a familia usando axeitadamente o grupo nominal.</p>	<p>B4.9.1. escoita e comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p> <p>B4.9.2. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.</p> <p>B4.9.3. Escribe frases sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO I: A TERRA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.10. A cantidade: os números ata o 10.	B4.10. Manexar os números cardinais ata o 10.	B4.10.1. Utiliza os números en diferentes situacións comunicativas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	B4.11. Utilización de recursos expresivos non lingüísticos, xestos, posturas, expresións faciais, contacto visual.	B4.11. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.	B4.11.1. Emprega a linguaxe xestual como medio de compensación nas producións orais propias.	
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • n 	B4.12. Valoración do inglés como principal lingua compartida no mundo.	B4.12. Recoñecer a importancia do inglés como a principal lingua compartida no mundo.	B4.12.1. Recoñece e valora o inglés como a principal lingua compartida a nivel internacional.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC
			B4.12.2. Manexa construcións elementais adecuándose ás normas sociolingüísticas anglosaxonas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • g • n 	B4.13. Interese e gusto por participar en situacións de comunicación oral en inglés, nas que se expresen necesidades de comunicación inmediatas.	B4.13. Participar en situacións de comunicación oral en inglés, sendo quen de expresar necesidades de comunicación inmediatas.	B4.13.1. Aмосa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira e a súa cultura.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO II: O TRABALLO

Bloque 4: Lingua estranxeira

• g	B4.1. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (nome, idade, estado, procedencia).	B4.1. Preguntar e responder sobre aspectos persoais dun mesmo e dos demais.	B4.1.1. Pregunta e responde sobre aspectos persoais dun mesmo e dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	B4.2. Utilización de expresións de relación social e cortesía: saudar, despedirse, agradecer.	B4.2. Utilizar expresións de relación social e cortesía.	B4.2.1. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (<i>hello, goodbye, see you, thank you...</i>).	
	B4.3. Captación do sentido global de mensaxes orais breves e sinxelas, con estruturas simples e léxico moi frecuente, e identificación dalgúns elementos específicos	B4.3. Captar o sentido global de mensaxes orais breves e sinxelas, con estruturas simples e léxico moi frecuente, sendo quen de identificar elementos específicos do discurso.	B4.3.1. Capta o sentido global de discursos lentos, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotián, articulados con coidado e coas suficientes pausas orais para asimilar o significado.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CAA

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO II: O TRABALLO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	do discurso.			
	B4.4. Lectura en voz alta de textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.	B4.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.	B4.4.1. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	B4.5. escoita, comprensión e uso do vocabulario básico sobre, a casa, as accións máis frecuentes e o transporte.	B4.5. escoitar, comprender e usar o vocabulario básico sobre a casa, as accións máis frecuentes e o transporte.	B4.5.1. escoita e comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. B4.5.2. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.	
			B4.5.3. Escribe frases sinxelas, organizadas con coherencia na súa	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO II: O TRABALLO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	
	B4.6. Expresión do permiso, a axuda, a habilidade e a prohibición (can) en forma afirmativa, negativa e interrogativa.	B4.6. Expresar o permiso, a axuda, a habilidade e a prohibición en forma afirmativa, negativa e interrogativa.	B4.6.1. Expresa e identifica o permiso, a axuda, a habilidade e a prohibición en forma afirmativa, negativa e interrogativa.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	B4.7. Expresión do gusto (<i>like, love</i>), a existencia (<i>there is/are</i>), a calidade (<i>very +</i>), o espazo (<i>in, on, under</i>) e o modo (<i>how, fine, well, slowly</i>).	B4.7. Expresar o gusto en forma afirmativa, negativa e interrogativa; identificar a existencia e a calidade; entender, identificar e manexar léxico básico referido a conceptos espaciais; identificar e expresar o modo.	B4.7.1. Enuncia frases sobre o que lle gusta e o que non lle gusta en forma afirmativa e negativa.	
			B4.7.2. Pregunta sobre os gustos dos demais (<i>Do you like...?</i>) con resposta afirmativa ou negativa.	
			B4.7.3. Expresa e identifica a existencia.	
			B4.7.4. Expresa a calidade.	
			B4.7.5. Expresa e identifica a localización	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO II: O TRABALLO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			no espazo de persoas e obxectos.	
			B4.7.6. Expresa e identifica o modo.	
	B4.8. A cantidade: os números ata 20.	B4.8. Manexar os números cardinais ata o 20.	B4.8.1. Utilizar os números en distintas situacións comunicativas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
	B4.9. Overbo: forma afirmativa, negativa e interrogativa. Observación e respecto das regularidades verbais.	B4.9. Conxugar o tempo presente de verbos usuais en forma afirmativa, negativa e interrogativa respectando as regularidades verbais.	B4.9.1. Conxuga o tempo presente de verbos usuais en forma afirmativa, negativa e interrogativa respectando as regularidades verbais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	B4.10. Afirmacións, preguntas e respostas afirmativas e negativas sobre a posesión (<i>I've got, Have you got?</i>)	B4.10. Realizar afirmacións, preguntas e respostas afirmativas e negativas sobre a posesión.	B4.10.1. Realiza afirmacións, preguntas e respostas afirmativas e negativas sobre a posesión.	
<ul style="list-style-type: none"> • f • g • i 	B4.11. Iniciación no uso de programas informáticos para	B4.11. Iniciarse no uso dun procesador de texto para a elaboración de producións	B4.11.1. Manexa un procesador de texto para a elaboración de producións escritas	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO II: O TRABALLO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	reproducir mensaxes escritas moi sinxelas.	escritas diversas.	de diversa tipoloxía textual.	
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • g 	B4.12. Desenvolvemento de estratexias para a ampliación de vocabulario: confección de carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas etc.	B4.12. Desenvolver estratexias para a adquisición de vocabulario.	B4.12.1. Amplía o vocabulario mediante o desenvolvemento de diversas actividades.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • d • f • g • n 	B4.13. Achegamento a aspectos culturais a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas.	B4.13. Aproximarse a aspectos culturais anglosaxóns a través de producións audiovisuais e manifestacións artísticas.	B4.13.1. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
			B4.13.2. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...).	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			B4.13.3. Visualiza producións audiovisuais con subtítulos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			B4.14.4. Entende o sentido xeral da letra dunha canción en inglés con axuda dun modelo e/ou palabras clave.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CCEC

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4: Lingua estranxeira			
• g	B4.1. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (nome, idade, estado, procedencia, residencia).	B4.1. Preguntar e responder rutineiramente sobre aspectos persoais dun mesmo e dos demais.	B4.1.1. Pregunta e responde sobre aspectos persoais dun mesmo e dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	B4.2. Utilización de expresións de relación social: saudar, despedirse, identificarse, agradecer.	B4.2. Utilizar expresións de relación social e agradecemento.	B4.2.1. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, hi, goodbye, see you, nice to meet you, thank you...).	
	B4.3. escoita, comprensión e expresión de palabras e frases sinxelas de uso habitual sobre compras, restauración, transportes, indicacións, etc.	B4.3. escoitar, comprender e expresar palabras e frases sinxelas de uso habitual sobre compras, restauración, transportes, indicacións, etc.	B4.3.1. Comprende instrucións, indicacións e información básica de letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte e outros servizos e lugares públicos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			B4.3.2. Realiza un rexistro de palabras e expresións para solicitar bens ou servizos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
B4.4. Formulación de preguntas e respostas	B4.4. Formular preguntase	B4.4.1. Realiza cuestións relacionadas co prezo dun servizo ou produto e		

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	en relación á cantidade (How much / many?).	respostas en relación á cantidade.	comprende a resposta.	
	B4.5. Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos breves e sinxelos.	B4.5. Captar a idea global e identificar os elementos máis relevantes en textos escritos breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente.	B4.5.1. Comprende textos moi breves e sinxelos, utilizando estratexias básicas de comprensión lectora.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
	B4.6. O presente do verbo to be.	B4.6. Identificar o presente do verbo to be nas súas formas afirmativa, negativa e interrogativa.	B4.6.1. Emprega situacións de comunicación o presente do verbo to be nas súas formas afirmativa, negativa e interrogativa.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	B4.7. Peticións utilizando a estrutura Can I (have)...?	B4.7. Realizar peticións utilizando a estrutura Can I (have)...?	B4.7.1. Realiza peticións utilizando a estrutura Can I (have)...?	
	B4.8. Expresar	B4.8. Expresar e identificar estados	B4.8.1. Expresa e identifica estados de	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	sentimentos, o estado de ánimo (happy, sad), o acordo ou desacordo (That's right), o desexo (want), a necesidade (need) e a intención (going to) utilizando a linguaxe verbal e non verbal.	de ánimo básicos, o acordo e o desacordo, o desexo, a necesidade e a intención.	ánimo básicos. B4.8.2. Expresa o acordo e o desacordo. B4.8.3. Expresa e entende o desexo. B4.8.4. Expresa e entende a necesidade. B4.8.5. Expresa e entende a intención.	
	B4.9. Escoita, comprensión e uso do vocabulario básico sobre a roupa, o corpo e o tempo atmosférico.	B4.9. escoitar, comprender e usar vocabulario básico sobre a roupa, o corpo e o tempo atmosférico.	B4.9.1. Escoita e comprende palabras e frases simples entextos sinxelos relacionados cos temas traballados previamente de forma oral. B4.9.2. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCL • CSC

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			orais.	
			B4.9.3. Escribe frases sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			B4.9.4. Pregunta e responde sobre o prezo (How much is it? It's (one) pound.) e o tempo (What's the weather like today? Today is...)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			B4.9.5. Describe o seu aspecto físico ou o de outra persoa.	
<ul style="list-style-type: none"> • g • h 	B4.10. Coñecer o significado das palabras procedentes do inglés máis utilizadas en contextos reais (aparells, tráfico,	B4.10. Comprender o significado de anglicismos de uso frecuente.	B4.10.1. Comprende o significado de anglicismos de uso frecuente, principalmente aqueles relacionados coa tecnoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	edificios, medios de comunicación...)			
• g	B4.11. A cantidade: os números a partir de 20.	B4.11. Manexar números cardinais a partir de 20, incluídos o 100 e o 1000.	B4.11.1. Utilizar os números en diferentes situacións comunicativas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	B4.12 Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and) e oposición (but).	B4.12 Enlazar palabras ou oracións con conectores básicos, adecuándoas aos propósitos comunicativos.	B4.12.1. Une palabras ou oracións mediante o uso de conectores básicos.	
	B4.13. Coñecemento de siglas (EU, UK, USA) e símbolos (£, \$, €, @) de uso frecuente.	B4.13. Coñecer siglas e símbolos usuais.	B4.13.1. Recoñece siglas e símbolos usuais do mundo anglosaxón.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
• g • i	B4.14. Uso de programas informáticos para ampliar vocabulario	B4.14. Utilizar os medios dixitais á súa disposición para ampliar coñecementos sobre o idioma	B4.14.1. Utiliza aplicacións educativas en computadores ou <i>smartphones</i> para aprender inglés.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	sobre o alfabeto, os días da semana, os meses do ano etc.	inglés.	B4.14.2. Atopa material en Internet para a elaboración das súas propias producións. B4.14.3. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.	
	B4.15. Consulta do dicionario bilingüe, en soporte papel ou dixital, para resolver dúbidas ortográficas e de significado.	B4.15. Manexar dicionarios e glosarios bilingües en soporte analóxico ou dixital para resolver cuestións léxicas e ortográficas.	B4.15.1. Utiliza dicionarios e glosarios bilingües analóxicos ou dixitais para resolver cuestións léxicas e ortográficas.	
• g	B4.16. Utilización de normas sociolingüísticas anglosaxoas que permitan unha interacción respectuosa e elemental.	B4.16. Adquirir habilidades lingüísticas esenciais en lingua inglesa que permitan desenvolverse nun contexto anglofalante, para satisfacer necesidades básicas.	B4.16.1. Planifica unha viaxe a un país anglofalante anticipando situacións nas que necesitaría comunicarse en inglés e propoñendo estratexias para superar eses obstáculos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CAA • CCEC

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL II

MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • e • h • n 	<p>B4.17. Valoración da aprendizaxe dunha lingua estranxeira como instrumento de comunicación, como vía de acceso a outras culturas e para ampliar as posibilidades de desenvolvemento persoal.</p>	<p>B4.17. Valorar a aprendizaxe dunha lingua estranxeira como instrumento de comunicación, como vía de acceso a outras culturas e para ampliar as posibilidades de desenvolvemento persoal</p>	<p>B4.17.1. Dispón de habilidades lingüísticas básicas para desenvolverse en situacións cotiás.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
			<p>B4.17.2. Aмосa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • g • n 	<p>B4.18. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>B4.18. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</p>	<p>B4.18.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

3.2.4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Ao final de cada un dos módulos, o equipo docente decidirá sobre a titulación ou promoción de cada alumno ao módulo seguinte, tendo en conta tamén a súa madurez académica e as súas posibilidades de recuperación e de progreso nos módulos posteriores, de ser o caso.

3.2.5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación das aprendizaxes do alumnado adulto será continua e integradora.

O referente para avaliar o grao de adquisición das competencias básicas, así como o da consecución dos obxectivos propostos para as ensinanzas serán os criterios de avaliación que se recollen nesta programación.

Esta avaliación será realizada polo profesor a través da observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e da súa madurez persoal en tres fases:

1. Avaliación **inicial**, para establecer o punto de partida.
2. Avaliación **formativa**, a través de probas, tarefas orais e escritas e observación na clase
3. Avaliación **sumativa**, para comprobar o grao de adquisición de contidos.

A avaliación recollerá os seguintes aspectos:

A. Conceptos / contidos, que se levará a cabo mediante:

- Probas de gramática e vocabulario, redacción e comprensión lectora.
- Exercicios de comprensión auditiva.
- Produción oral (individual ou en grupo).
- Proxectos (individuais ou en grupo).

B. Procedementos:

- Observación do traballo na aula.
- Corrección do traballo na casa (redaccións, exercicios...)
- Probas escritas ó rematar cada un dos módulos.

C. Actitudes. En canto a actitudes valoraremos:

- Participación: o alumno deberá participar activamente esperando a quenda de palabra, preguntando cando teña dúbidas, engadindo ou comentando cuestións relevantes, non amosando comportamentos negativos ou problemáticos.

- Materiais: o alumno terá que asistir á clase cos materiais imprescindibles e necesarios.

Comportamento: ausencia de insultos, ausencia de condutas agresivas, propicia un clima agradable na clase, non hai enfrontamentos ou tensións entre alumnos ou grupos, coidado das instalacións e materiais da aula, coidado dos seus propios materiais.

O alumnado que non superase a avaliación final ordinaria, poderá realizar no mes de setembro unha avaliación extraordinaria.

3.2.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cada módulo dentro de cada ámbito do nivel recibirá unha única cualificación, e dicir, a cualificación de lingua estranxeira formará parte da cualificación que obteña o alumno no ámbito de comunicación nunca proporción do 30% da cualificación total.

Os resultados das avaliacións das aprendizaxes expresaranse nos seguintes termos:

- Insuficiente (IN)
- Suficiente (SU)
- Ben (BE)
- Notable (NT)
- Sobresaliente (SB)

Considerarase cualificación negativa o insuficiente e positivas todas as demais. Esta cualificación irá acompañada dunha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do 1 ao 10, aplicándose as seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

As cualificacións dos alumnos tanto se son de avaliacións como de notas finais, basearanse en dous criterios fundamentais:

1. Interés, motivación e traballo: A valoración deste apartado suporá un 10% da nota e teranse en conta factores coma o traballo na clase, o traballo na casa, a participación durante o proceso de ensinanza, ou a actitude amosada.
2. Probas obxectivas: Calquera tipo de proba parcial ou final quedará reflexada neste apartado, ó que se lle dará unha porcentaxe do 90% da nota. Estas probas

poderán abarcar non só a gramática e o vocabulario, senón tamén outras habilidades como a comprensión lectora, a expresión escrita e a comprensión auditiva.

3.2.7. METODOLOXÍA

Temos que ter en conta que se trata dunha etapa non obrigatoria con alumnos que teñen diferentes capacidades, diferentes niveis de competencia comunicativa e diferentes intereses, por iso non propoñemos empregar un enfoque metodolóxico único e si garantilo equilibrio entre as destrezas de produción e comprensión oral sobre todo, aínda que tamén terán relevancia a comprensión e produción escrita. Polo tanto as destrezas comunicativas a desenvolver polos alumnos serán tanto produtivas como receptivas.

Traballarase con especial atención a comunicación oral; ademais, en tódalas actividades que se realicen, e especialmente nas escritas, terase moi en conta o contido, e non só a forma.

As tarefas que se lles presenten aos alumnos terán que ser, nun primeiro momento, tarefas de prácticas moi controladas, ata chegar a algunha menos controlada no último módulo.

A competencia comunicativa incluírá as seguintes subcompetencias: competencia lingüística (semántica, fonoloxía e morfosintaxe), competencia discursiva (cohesión e coherencia, conversas, actos da fala, funcións, etc.), competencia sociolingüística (convencións sociais, rexistros, interacción, intención comunicativa, etc.).

O alumno tamén será iniciado na reflexión e emprego das claves non lingüísticas que axudan a unha mellor comprensión das mensaxes.

Debémolles da-lo tempo suficiente para que reflexionen sobre a coherencia e cohesión das súas producións.

Neste nivel, o alumnado tamén será iniciado na práctica da lectura, así como en actividades que incluírán: planifica-la mensaxe antes de dicila ou escribila, prestar atención ao formato, a puntuación e a ortografía.

Os alumnos/as escoitarán a lingua de diversas fontes: o profesor/a profesora, os compañeiros/ as compañeiras, pistas de audio, vídeos, etc., que incluírán conversas de distinto tipo, narracións breves, cancións, ...

Promoverase a autonomía de aprendizaxe do alumnado.

3.2.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto que os alumnos do Nivel II terán como referencia é *New English File Beginner*, ed. Oxford, e *English for Adults Today 1*, ed. Burlington.

Os profesores tamén proporcionarán ós alumnos fotocopias e utilizarán outros recursos (xogos educativos, ordenadores, etc.) ao longo do ano académico segundo as necesidades do alumnado.

Tamén se intentará que, na medida do posible, os alumnos e alumnas vexan películas en versión orixinal e realicen actividades con materiais reais (cancións, xornais, revistas, anuncios e noticias da TV, etc.)

3.2.9. TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas transversais que se tratarán no Nivel II estarán relacionados cos tres módulos:

- **Educación moral e cívica.** A través de diferentes actividades os alumnos/as teñen a oportunidade de reflexionar sobre os seguintes contidos:
 - Relacións cos iguais e cos maiores.
 - Respecto as persoas coas que se convive.
 - Respecto á propiedade allea.
 - Respecto e tolerancia cara ós outros.
 - Comportamento antisocial.
- **Educación para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.** Farase fincapé nunhas actividades igualitarias, os alumnos e alumnas verán cómo é posible relacionarse a tódolos niveis tanto no mundo escolar , como no laboral ou no tempo de lecer, realizando todo tipo de tarefas e roles, superando os estereotipos e prexuízos sociais aínda existentes.
- **Educación para a paz.** Realizaranse actividades que fagan fincapé nos seguintes contidos:
 - Rexeitamento do uso da violencia para resolver conflitos.
 - Relacións entre persoas de diferentes culturas.
 - Convivencia entre persoas de distintas razas e crenzas.
 - Respecto a formas diferentes de vida.
- **Educación para a saúde.** Farase unha reflexión sobre os hábitos de vida e a alimentación saudable e equilibrada. Comentarase a importancia de practicar

deporte. Farase fincapé nos perigos do tabaquismo, bebidas alcohólicas e outras drogas.

- **Educación sexual.** Tratarase de empregar material que amose a personaxes de ambos sexos relacionándose en moitos contextos diferentes, expresando as súas emocións e compartindo as súas ideas e opinións de maneira natural e desinhibida.
- **Educación do consumidor.** Faranse actividades que condúzan a unha reflexión sobre o hábito do consumo e a necesidade de facelo de xeito sensato, mercando soamente aquilo que sexa necesario.
- **Educación vial.** Levaranse a cabo actividades que traten os seguintes contidos:
 - Os medios de transporte.
 - Seguimento de itinerarios/instrucións.
 - Localización de puntos nun plano ou mapa.

A continuación ofrecemos unha lista de datas idóneas para motivar a reflexión e o traballo sobre os temas transversais tanto por medio de actividades normais de aula como por medio de actividades extraordinarias.

16 de outubro:	Día mundial da alimentación
17 de outubro:	Día mundial da erradicación da pobreza
20 de novembro:	Día dos dereitos do neno e da nena
1 de decembro:	Día mundial da SIDA
3 de decembro:	Día internacional de persoas con minusvalías
6 de decembro:	Día da Constitución española
10 de decembro:	Día dos dereitos humanos
30 de xaneiro:	Día escolar da non-violencia e da paz
8 de marzo:	Día internacional da muller
15 de marzo:	Día internacional do consumidor
21 de marzo:	Día internacional contra a discriminación racial
22 de marzo:	Día mundial da auga
7 de abril:	Día mundial da saúde

9 de maio:	Día de Europa
31 de maio:	Día mundial sen tabaco
5 de xuño:	Día mundial do medio ambiente

3.2.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade dentro da aula é probablemente un dos problemas máis serios hoxe en día. Sen embargo, isto non quere dicir que non teña solución. O primeiro paso é aceptala como un factor común de tódalas clases, non só no que se refire ó nivel de inglés senón tamén á capacidade, ó ritmo de aprendizaxe a ás preferencias dos alumnos/as.

Seguidamente, convén identificar ós/ás alumnos/as que poidan precisar un material de apoio específico.

Hai que asegurarse de que os alumnos/as saben en que nivel se atopan e que van atopar na clase de inglés. Deben aceptar o seu nivel de forma positiva, xa que probablemente haberá ocasións en que traballen con materiais distintos e isto non debe ser motivo de discusión. Ós alumnos/as con carencias débeseles explicar que o mellor xeito de progresar e traballar con materiais de apoio que repasen os conceptos básicos, e ós máis avantaxados que deberán esforzarse máis para conseguiren mellores notas e reforzar o que xa saben. Calquera malentendido cos alumnos/as de distinto nivel debe ser aclarado desde un principio para evitar posteriores problemas de comportamento xeral. Non é unha cuestión de intelixencia, senón de superación de dificultades para avanzares máis dende o punto de partida individual de cada un.

Á hora de plantexar calquera actividade en clase, o profesor deberá ter en conta o nivel dos alumnos/as e valorar se todos o poden facer. De non ser así, o mellor é pensar en actividades alternativas para os que non cheguen ó nivel medio da clase.

Pode haber alumnado con necesidades educativas especiais por diversos motivos: alumnos/as pouco escolarizados/as en etapas anteriores, reiterado absentismo escolar, alumnos/as estranxeiros/as, alumnos con escaso dominio das linguas galega e española, enfermidades ou tratamentos médicos, problemas de aprendizaxe ou de conduta, ...

Se estes problemas fixesen necesario que algún alumno tivera unha adaptación curricular, esta farase sempre co asesoramento do titor e do departamento de orientación, e sempre de forma individualizada.

Se eses alumnos/as non precisan adaptación curricular, pero os seus resultados non corresponden ós obxectivos propostos, aínda despois de realizar actividades específicas para eles (actividades de atención á diversidade: reforzo), pode ser necesario variar/eliminar determinados contidos e reforzar outros, coa conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

Pode haber, tamén, alumnos/as con máis coñecementos de inglés do que corresponde ó seu nivel, con máis capacidades para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, ou que simplemente sexan máis rápidos para rematar as súas tarefas. Estes alumnos tamén disporán de actividades para realizar na aula: libros de lectura sinxelos, cadernos con actividades máis lúdicas (sopas de letras, palabras cruzadas...) outra actividade que poden realizar e que reforza a reflexión sobre a lingua, e axudar a compañeiros que sexan máis lentos.

3.3. ESA PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL

3.3.1. INTRODUCCIÓN

No mundo actual, caracterizado polas frecuentes relacións internacionais, a posibilidade de comunicarse nunha lingua estranxeira é unha necesidade fundamental. A capacidade de comunicarse noutro idioma permite entrar en contacto con outras culturas e estilos de vida, ademais de favorecer a comprensión e o respecto cara outras formas de pensar e actuar, facilitando unha visión máis ampla, comprensiva e rica da realidade.

O coñecemento dunha lingua estranxeira abre tamén novas posibilidades para gozar do lecer, incluíndo actividades como a lectura de obras literarias e prensa na lingua estranxeira, o visionado de películas e series en versión orixinal ou as viaxes ó estranxeiro, entre outras.

Por outra banda, o coñecemento da lingua estranxeira é esencial en dous aspectos básicos: constitúe un útil instrumento para o desenvolvemento persoal e profesional das persoas adultas.

A familiarización co uso do idioma estranxeiro proporciónalle ó alumnado adulto a posibilidade de acceder á comprensión e produción de textos orais e escritos de distinto tipo que máis se adecúen ás súas necesidades e intereses. Así mesmo, o coñecemento doutro idioma contribuirá tamén a perfecciona-lo uso da lingua tanto en situacións máis ou menos controladas na aula coma nas relacións sociais fóra dela, entre outras. Por último, permitirá continua-lo contacto e a aprendizaxe autónomos fóra da aula.

Na educación secundaria obrigatoria para persoas adultas o ámbito de comunicación toma como referente os aspectos básicos do currículo relativos ás materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e a primeira lingua estranxeira. Desde este punto de partida, o ámbito de comunicación conforma unha proposta curricular coherente, integrada e orientada ao desenvolvemento das competencias comunicativas das persoas adultas e ao desenvolvemento das súas capacidades intelectuais e afectivas coa finalidade de que lles permita a súa inserción activa e responsable na sociedade e o seu desenvolvemento persoal.

Esta organización do currículo fomentará así a autonomía do alumnado na aprendizaxe, a competencia plurilingüe e pluricultural, a dimensión intercultural e a estruturación e organización do propio pensamento, por seren todos aspectos que redundan nunha aprendizaxe máis efectiva.

Dentro deste ámbito preséntase o estudo coordinado das dúas linguas da nosa comunidade para conseguir unha competencia plena en ambas, favorecer a actitude positiva cara a elas e economizar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe. Os obxectivos do ámbito de comunicación só se poden acadar desde a perspectiva dese enfoque integrador das linguas.

Existe unha serie de aprendizaxes que son transferibles entre as materias que conforman o ámbito, como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas de tipo lingüístico. Convén recalcar, de calquera xeito, que partir dunha organización integradora e converxente das materias neste ámbito de comunicación non significa esquecer a existencia de aspectos específicos de cada unha das materias integradas no ámbito, sen perder nunca de vista o obxectivo de conseguir unha mesma competencia lingüística do alumnado na lingua galega e na lingua castelá. A integración das materias lingüísticas no ámbito faise necesaria especialmente no caso da aprendizaxe de persoas adultas se temos en conta que os coñecementos iniciais na primeira lingua funcionan como preconceptos na aprendizaxe das segundas, e que as operacións cognoscitivas que facilitan o descubrimento e o desenvolvemento lingüístico son comúns en todas elas, polo que se poden e se deben desenvolver ao mesmo tempo nos diferentes momentos do ensino para obter un efecto de reforzo. Ademais, o modelo metalingüístico empregado nas distintas linguas deberá de ser común para evitar interferencias entre os distintos procesos de aprendizaxe.

No tocante á lingua estranxeira, o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación, elaborado polo Consello de Europa establece, ademais da necesidade de integrar todas as linguas estudadas, unha escala de seis niveis comúns de referencia para a organización das aprendizaxes e o seu recoñecemento público. Seguindo estas recomendacións, os contidos, ademais de se integraren cos das linguas galega e castelá, establécense para acadar un nivel A1 ao rematar o nivel I do ámbito, e un nivel A2 ao acabar o nivel II.

O alumnado adulto conseguirá así o grao de usuario básico, que o capacitará para comunicarse en situacións e contextos cotiáns, dominando un repertorio básico de recursos lingüísticos frecuentes da lingua estándar, empregada de maneira interactiva, receptiva e productivamente, de xeito sinxelo pero adecuado e eficaz, comprendendo e producindo textos breves, orais e escritos.

3.3.2. OBXECTIVOS

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.3.3. METODOLOXÍA

Procurarase que os temas suxeridos resulten familiares ou de interese para os alumnos.

Buscaranse temas que sexan motivadores, tentando empregar en todo informacións próximas a eles, implicándose eles no proceso de aprendizaxe ó tempo que se evita caer na monotonía.

Os aspectos fundamentais do tema a tratar serán introducidos mediante algún medio audiovisual, un xogo, un cuestionario, un exercicio de “warm up” etc. Isto terá a finalidade de motivar e pulsar os coñecementos previos do alumno sobre o tema, e estará sempre suxeito a brevidade e claridade.

Seguirá despois de cada introdución, aínda que non necesariamente cunha orde rigorosa en tódolos casos, a presentación individualizada de cada un dos aspectos a tratar.

Proporanse actividades pensadas para que o alumno poida recibir información e extraer conclusións sobre o tema.

Na meirande parte dos casos utilizarase a linguaxe oral. O tipo de actividades serán adiviñas, mimo, “information gaps”, “drills”, etc

As actividades serán gradualmente máis libres e personalizadas, tentando crear así unha situación comunicativa significativa dentro da aula.

Desenvolveranse os aspectos tratados máis amplamente cunha práctica de reforzo, onde se terán en conta as catro destrezas: a comprensión e expresión oral por un lado e a comprensión e expresión escrita por outro. Aquí as posibles actividades son moi amplas.

Consideraranse axeitadas: “pair work exercises”, “open ended texts”, “dictations”, “role plays”, “descriptions”, “puzzles”, etc.

Nunha última fase aínda máis personalizada , e sempre tendo en conta as posibilidades de expresión do alumno en inglés, buscarase que estes comuniquen as súas propias vivencias e ideas con claridade e coherencia, aplicando os novos coñecementos adquiridos. Isto procurárase con actividades tales como “game type activities”, “group work”, investigación dentro e fóra do centro escolar, redacción e debates.

Un dos obxectivos é que o alumno chegue a asumir a súa tarefa de aprendizaxe. Para elo proporcionaráselle unha serie de estratexias para chegar ó control dos procesos mentais. Isto é, simplificar e facilitar a comprensión para a posterior asimilación dos novos contidos.

Buscarase que o alumno poida planificar efectivamente a súa tarefa, así como que chegue a analizar e reflexionar sobre os compoñentes das competencias presentadas tanto a través de textos orais como escritos.

Tamén se dará especial relevancia á autocorrección e autoavaliación por parte do alumno.

Incentivarase a utilización autónoma de recursos para consulta e investigación: dicionarios, material de consulta, libros de lectura, etc.

Tamén se tratará de fomentar o respecto cara as ideas expresadas por outras persoas, así como a tolerancia ante os erros. Deberán colaborar no traballo en grupo ou en parellas.

Buscarase, en definitiva, o enriquecemento persoal mediante o coñecemento de opinións de diferentes persoas e culturas.

3.3.4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais básicos de referencia, tanto para a modalidade presencial coma a semipresencial, serán as 16 unidades didácticas propostas pola Xunta e colgadas na súa páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>. Así mesmo, para a modalidade presencial, tamén se usarán libros de texto como apoio ás unidades didácticas da Xunta:

- Módulos 1 e 2: *English for Adults Today 1*, editorial Burlington Books
- Módulos 3 e 4: *English for Adults Today 2*, editorial Burlington Books.

Ademais dos anteriormente mencionados materiais básicos de referencia, usaranse unha gran variedade de recursos e materiais extras tales coma libros de exercicios gramaticais e de vocabulario, material de elaboración propia por parte dos profesores, páxinas web con exercicios online, e moitos e variados libros de texto de diferentes niveis.

Cabe destacar o uso da aula virtual do centro a través da plataforma MOODLE, onde o profesorado irá subindo diferentes exercicios para usar coma práctica extra, apuntamentos para completar algún punto do temario, ou enlaces a páxinas web de exercicios.

3.3.5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade dentro da aula é probablemente un dos problemas máis serios hoxe en día. Sen embargo, isto non quere dicir que non teña solución. O primeiro paso é aceptala como un factor común de tódalas clases, non só no que se refire ó nivel de inglés senón tamén á capacidade, ó ritmo de aprendizaxe a ás preferencias dos alumnos/as.

Seguidamente, convén identificar ós alumnos/ás alumnas que poidan precisar un material de apoio específico.

Hai que asegurarse de que os alumnos/as saben en que nivel se atopan e que van atopar na clase de inglés. Deben aceptar o seu nivel de forma positiva, xa que probablemente haberá ocasións en que traballen con materiais distintos e isto non debe ser motivo de discusión. Ós alumnos/ás alumnas con carencias débeseles explicar que o mellor xeito de progresar e traballar con materiais de apoio que repasen os conceptos básicos, e ós máis avantaxados que deberán esforzarse máis para conseguiren mellores notas e reforzar o que xa saben. Calquera malentendido cos alumnos/cas alumnas de distinto nivel debe ser aclarado desde un principio para evitar posteriores problemas de comportamento xeral. Non é unha cuestión de intelixencia, senón de superación de

dificultades para avanzar máis dende o punto de partida individual de cada un/unha.

Á hora de plantexar calquera actividade na clase, debemos ter en conta o nivel do grupo e valorar se todos/todas o poden facer. De non ser así, o mellor é pensar en actividades alternativas para os/as que non cheguen ó nivel medio da clase.

Pode haber alumnado con necesidades educativas especiais por diversos motivos: alumnos/as pouco escolarizados/as en etapas anteriores, reiterado absentismo escolar, alumnos/as estranxeiros/as, alumnos con escaso dominio das linguas galega e española, enfermidades ou tratamentos médicos, problemas de aprendizaxe ou de conduta, ...

Se estes problemas fixesen necesario que algún alumno/alumna tivera unha adaptación curricular, esta farase sempre co asesoramento do titor/da titora e do departamento de orientación, e sempre de forma individualizada.

Se eses alumnos/as non precisan adaptación curricular, pero os seus resultados non corresponden ós obxectivos propostos, aínda despois de realizar actividades específicas para eles (actividades de atención á diversidade: reforzo), pode ser necesario variar/eliminar determinados contidos e reforzar outros, coa conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

Pode haber, tamén, alumnos/as con máis coñecementos de inglés do que corresponde ó seu nivel, con máis capacidades para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, ou que simplemente sexan máis rápidos para rematar as súas tarefas. Estes alumnos tamén disporán de actividades para realizar na aula: libros de lectura sinxelos, cadernos con actividades máis lúdicas (sopas de letras, palabras cruzadas...) outra actividade que poden realizar e que reforza a reflexión sobre a lingua, é axudar a compañeiros que sexan máis lentos.

3.3.6. TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Tal e como se indicou anteriormente, o material básico de referencia para a impartición da materia son as unidades didácticas propostas pola Xunta. Estas unidades son un total de 16, catro para cada módulo.

- MÓDULO 1: Unidades 1, 2, 3, 4
- MÓDULO 2: Unidades 5, 6, 7, 8
- MÓDULO 3: Unidades 9, 10, 11, 12
- MÓDULO 4: Unidades 13, 14, 15, 16

Tendo en conta que a duración de cada módulo ten carácter cuadrimestral, separado o cuadrimestre en dous bimestres, a temporalización das unidades didácticas sería a seguinte:

- MÓDULO 1
 - 1º bimestre: unidades 1, 2
 - 2º bimestre: unidades 3, 4
- MÓDULO 2
 - 1º bimestre: unidades 5, 6
 - 2º bimestre: unidades 7, 8
- MÓDULO 3
 - 1º bimestre: unidades 9, 10
 - 2º bimestre: unidades 11, 12
- MÓDULO 4
 - 1º bimestre: unidades 13, 14
 - 2º bimestre: unidades 15, 16

As 16 unidades didácticas forman un continuo de aprendizaxe, polo que as correspondentes ós Módulos 2, 3, e 4 necesitan nalgunha ocasión, e dependendo sempre do alumnado, volver a algunha outra unidade dun módulo anterior para repasar algún contido que o alumno/-a debería coñecer para afrontar os dos módulos que cursen nese momento. É dicir, cada vez que o alumnado empeza a traballar un contido novo, precisa dunha serie de coñecementos previos que lle serven de axuda, de ponte ou de chave para a adquisición dese novo item, xa sexa un set de vocabulario, un punto gramatical, ou unha estratexia para enfrontarse a un texto.

Tendo en conta que a primeira unidade de cada módulo contén un repaso dos contidos dos módulos anteriores, pode darse por sentado que se impartirán as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior.

3.3.7. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1					
Lingua estranxeira					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión oral					
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • e • f • g • i • n 	<p>B1.1. Estratexias de comprensión.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do tipo textual, adaptando a súa comprensión ao mesmo. – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. – Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. 	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita coa axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p>	<p>B1.1.1. Aplica as estratexias de escoita activa para a comprensión (global ou específica) das mensaxes recibidas, sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas.</p>	<p style="text-align: center;">1</p> <p style="text-align: center;">2</p> <p style="text-align: center;">3</p> <p style="text-align: center;">4</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
	<p>B1.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros 	<p>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles</p>	<p>B1.2.1. Comprende mensaxes orais breves e instrucións relacionadas coa actividade de aula.</p>	<p style="text-align: center;">1 2 3 4</p>	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1					
Lingua estranxeira					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión oral					
	informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.	máis relevantes en textos orais moi breves e sinxelos nun rexistro estándar e informal, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e a velocidade lenta e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos	B1.2.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios ou datas nunha estación ou nuns grandes almacéns).	1 2 3 4	
			B1.2.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos, saúdos e presentacións).	1 2 3 4	
			B1.2.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (saúdos e presentacións, diálogos en lugares públicos: oficinas de información, comercios, restaurantes, farmacias e hospitais, estacións ou aeroportos).	1 2 3 4	
			B1.2.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre a súa contorna persoal: a familia, os amigos, o	1 2 3 4	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1					
Lingua estranxeira					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión oral					
		que se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, se poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación e se conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.	traballo, o tempo libre, a descrición de obxectos e lugares. B1.2.6 Comprende as ideas principais de presentacións e proxectos (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese (p. e. lecer, familia, fogar, deporte, etc.) e sobre aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que contén con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro	1 2 3 4	
	B1.3. Funcións comunicativas. Comprensión de textos orais onde aparezan as seguintes funcións comunicativas: -Saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos e invitacións. -Expresión de información persoal e gustos. -Descrición de persoas, actividades,	B1.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións),	B1.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	1 2 3 4	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1					
Lingua estranxeira					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión oral					
	lugares, obxectos e hábitos. -Narración de feitos presentes. -Petición e ofrecemento de información, de permiso e de axuda. -Indicación de instrucións.	as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.			
	B1.4. Estructuras sintáctico-discursivas.*	B1.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información ou unha orde) e un	B1.4.1. Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes orais	1 2 3 4	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1 Lingua estranxeira					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión oral					
		repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).	directas ou recibidas mediante formato electrónico.		
	B1.5. Léxico oral moi básico de uso común (recepción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorna persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.	B1.5. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).	B1.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.	1 2 3 4	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO 1					
Lingua estranxeira					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión oral					
	B1.6. Recoñecemento de patróns sonoros e acentuais moi básicos de palabras e do ritmo e a entoación de frases.	B1.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	B1.6.1. Recoñece un vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	1 2 3 4	
		B1.7. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.	B1.7.1. Identifica patróns fonéticos e de entoación moi básicos e evidentes que axudan a entender o sentido xeral da mensaxe.	1 2 3 4	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO

1

Lingua estranxeira

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 2. Expresión oral					
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • e • f • g • i • n 	<p>B2.1. Estratexias de produción</p> <p>- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa apropiadamente e adecuando o texto ao destinatario, ao contexto e á canle.</p> <p>- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción (segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas) ou sobre elementos lingüísticos previamente asimilados.</p> <p>- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p>	<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para producir textos orais moi breves e sinxelos, empregando p. E., fórmulas e linguaxe "prefabricada" ou expresións memorizadas, ou apoiando con acenos o que se quere expresar.</p>	<p>B2.1.1. Emprega estratexias de comunicación básicas para producir textos orais breves e para participar en conversas, amosando interese e comprensión e empregando estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>4</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
	<p>B2.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</p> <p>- Uso de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>- Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos</p>	<p>B2.2. Producir textos monolóxicos moi breves e doados sobre temas cotiáns ou do seu interese e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira e</p>	<p>B2.2.1. Realiza presentacións e proxectos breves e sinxelos, previamente preparados e ensaiados, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar outras</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>4</p>	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO

1

Lingua estranxeira

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 2. Expresión oral					
	<p>culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.</p>	<p>participar de xeito simple e comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un/ha mesmo/a, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos,</p>	<p>persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e o seu contorno; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.</p> <p>B2.2.2. Desenvólvese en accións comunicativas cotiás básicas (p. e. saudar e dar información persoal, comprar ou comer nun restaurante, pedir menciñas na farmacia, dicir</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>4</p>	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO

1

Lingua estranxeira

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 2. Expresión oral					
		<p>aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e vacilacións e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación do interlocutor para manter a comunicación.</p>	<p>no hospital o que lle doe, rexistrarse nun hotel, comprar un billete de metro...).</p> <p>B2.2.3. Participa en entrevistas e en conversacións cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, videoconferencia) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiáns, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, se queda con amizades ou se dan instrucións)</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>4</p>	
	<p>B2.3. Funcións comunicativas. Producción de textos orais onde aparezan as seguintes funcións comunicativas:</p>	<p>B2.3. Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico</p>	<p>B2.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>4</p>	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO 1					
Lingua estranxeira					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 2. Expresión oral					
	<ul style="list-style-type: none"> -Saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos e invitacións. -Expresión de información persoal e gustos. -Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos e hábitos. -Narración de feitos presentes. -Petición e ofrecemento de información, de permiso e de axuda. -Indicación de instrucións. 	os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, respectando as convencións	estranxeira, analizándooos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.		

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO

1

Lingua estranxeira

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 2. Expresión oral					
		comunicativas máis elementais e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.			
	B2.4. Estructuras sintáctico-discursivas.*	B2.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo (p. e. unha felicitación, un intercambio de información ou un ofrecemento), empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e	B2.4.1. Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.	1 2 3 4	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO

1

Lingua estranxeira

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 2. Expresión oral					
		peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).			
	B2.5. Léxico oral moi básico de uso común (produción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorno persoal; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.	B2.5. Mostrar control sobre estruturas sintácticas básicas (p. e., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “mais” ou “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p.e., nos tempos verbais ou na concordancia.	B2.5.1. Comunica con eficacia, empregando adecuadamente estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	1 2 3 4	
	B2.6. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación moi básicos. - Uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	B2.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas	B2.6.1. Emprega un vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	1 2 3 4	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO

1

Lingua estranxeira

Obxectivos		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 2. Expresión oral						
		Pronunciación e entoación aceptables, con clara influencia da lingua materna, que aínda contendo erros e imprecisións, non impidan a comunicación ou a comprensión, en interaccións orais, dramatizacións e lectura en voz alta.	habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.			
			B2.7. Articular, de xeito comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.	B2.7.1. Exprésase con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación e pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes.	1 2 3 4	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO I

Lingua estranxeira

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 3. Comprensión escrita					
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • f • g • i • n 	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización da información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandada pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. – Uso progresivo de dicionarios (en papel e dixitais) e das tecnoloxías da 	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto e polo apoio visual, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os principais, ou os detalles relevantes do texto.</p>	<p>B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo os trazos básicos e o contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>4</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO I					
Lingua estranxeira					
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 3. Comprensión escrita					
	información e da comunicación como medio de consulta e aprendizaxe.				
	<p>B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións 	<p>B3.2. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata ou que versen sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos</p>	<p>B3.2.1. Comprende instrucións, indicacións e información básica en notas e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cines, museos, centros educativos e outros lugares públicos.</p>	1	
			<p>B3.2.2. Capta a información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo e breve como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, presentacións escritas ou proxectos, etc.</p>	2	
				3	
				4	

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN MÓDULO I

Lingua estranxeira

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 3. Comprensión escrita					
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

As cualificacións dos alumnos tanto se son de avaliacións como de notas finais, basearanse en dous criterios fundamentais:

1. **Participación e traballo:** A valoración deste apartado suporá un **10%** da nota e teranse en conta factores coma o traballo na clase, o traballo na casa e a participación durante o proceso de ensinanza.

2. **Probas obxectivas:** Calquera tipo de proba parcial ou final quedará reflexada neste apartado, ó que se lle dará unha porcentaxe do **90%** da nota:

- Gramática e vocabulario 50%
- Comprensión lectora 10%
- Comprensión auditiva 10%
- Redacción 20%
- Expresión oral 10%

No caso de que o tempo ou o espazo reservado para as probas non fose o suficiente, suprimiríase a parte correspondente a expresión oral e a porcentaxe repartiríase nas partes restantes do seguinte xeito:

- Gramática e vocabulario 60%
- Comprensión lectora 15%
- Comprensión auditiva 10%
- Redacción 15%

Ou ben, do seguinte xeito de ter que suprimirse a parte de comprensión oral:

- Gramática e vocabulario 60%
- Comprensión lectora 20%
- Redacción 20%

3. É moi importante ter en conta que os alumnos deben presentarse aos exames de lingua castelá, lingua galega e inglés cando sexan convocados. **De non presentarse a calquera das linguas do ámbito** de comunicación, a nota será de **“Non Presentado”**. No caso de que a **cualificación** obtida na parte correspondente á materia de inglés fora **inferior a 3**, **non se faría o promedio** coas demais cualificacións das outras linguas do ámbito.

3.3.11. CRITERIOS DE PROMOCION E TITULACION

1. *Promoción por ámbito.* Na educación secundaria para persoas adultas, o alumnado poderá estar cursando módulos diferentes nos distintos ámbitos e a promoción será por ámbitos de forma independente. Dentro de cada ámbito, o alumnado non poderá ser avaliado dun módulo sen ter superado previamente o precedente ou ter sido promovido a el.
2. *Avaliacións ordinarias.* Para facilitar o progreso do alumnado no seu itinerario formativo e facilitar tamén o recoñecemento da formación obtida en contextos non formais, realizarase unha avaliación escrita ao rematar cada un dos bloques de contidos que integran cada módulo, dentro dos tres ámbitos de coñecemento. A avaliación dos contidos do segundo bloque incluírá contidos

do primeiro bloque, servindo deste xeito como recuperación do primeiro no caso en que este obtivera unha cualificación negativa.

3. *Promoción.* De acordo cos criterios de promoción establecidos na concreción curricular do centro, o equipo de avaliación, presidido polo titor ou titora do grupo, poderá decidir a promoción ao módulo seguinte do alumnado que, avaliado negativamente nun dos módulos dun ámbito de coñecemento ou nas ensinanzas da oferta curricular propia do centro, acadase a xuízo do equipo o nivel de madureza que lle permita continuar con aproveitamento os estudos dese módulo seguinte.

3.3.12 PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN (ESA)

Os alumnos da ESA que suspendan o ámbito de comunicación no 1º ou 2º cuadrimestre poderán aprobar a materia pendente superando a proba extraordinaria que se celebra no mes de febreiro ou de xuño, dependendo do cuadrimestre no que se cursara a materia. As probas de febreiro e xuño recollerán os contidos léxicos, fonéticos e gramaticais do primeiro curso de maneira obrigatoria e, opcionalmente, unha audición ou un exame oral. De incluírse a audición e/ou o exame oral, a puntuación outorgada a estes apartados non superará o 50% do total do exame, de xeito que o alumno poderá supera-lo curso sen aprobar as probas de *listening* e *speaking* pero deberá obter alomenos o 30% da puntuación asignada a elas.

RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE

Os alumnos que non superasen un módulo poderán realizar unha proba de recuperación inmediatamente antes de realizar as probas de avaliación do seguinte módulo.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Recuperación dun tema, unidade didáctica ou avaliación

Dado o carácter continuo da avaliación da materia, se un alumno suspende unha unidade ou unha avaliación, non terá un exame de recuperación como tal, senón que terá que superar positivamente a avaliación seguinte, a cal incluírá os contidos da avaliación anterior.

Recuperación de alumnos coa materia pendente do curso anterior

Os alumnos que non superen un curso, esgotando as convocatorias das que consta o mesmo, deberán formalizar a matrícula dese módulo no curso seguinte, volvendo a contar coas mesmas oportunidades das que gozaron no primeiro curso.

3.4. BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

3.4.1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Comisión Europea estableceu entre os obxectivos fundamentais da educación en Europa o dominio de tres linguas comunitarias, a materna e dúas linguas estranxeiras. Este obxectivo persegue, por unha banda, fomentar o respecto á diversidade lingüística e cultural, evitando que a competencia lingüística en linguas estranxeiras se concentre exclusivamente en torno a unha delas. Por outra banda, este enriquecemento da competencia lingüística pretende favorecer a mobilidade, o intercambio de información e a adaptación a contornos de traballo e de vida nos que se integran linguas e culturas diferentes. Neste marco, o multilingüismo é unha parte esencial da cidadanía e da identidade europea, pero é tamén unha peza imprescindible da sociedade do coñecemento.

A aprendizaxe doutras linguas non serve unicamente para poder comunicarse noutros idiomas, senón que ademais contribúe á súa formación intelectual xeral e á súa integración social. Aparte diso, o coñecemento e dominio doutras linguas vese coma unha necesidade imperiosa na sociedade actual por mor da intensificación das relacións internacionais, do aumento das oportunidades de traballar no estranxeiro, da influencia das linguas estranxeiras nos medios de comunicación e do seu uso extensivo nas novas tecnoloxías.

Debido á importancia política que se lle dá á aprendizaxe de linguas estranxeiras, o Consello de Europa elaborou un documento de referencia: O Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas: Aprendizaxe, Ensinanza, Avaliación. Este documento insiste nun enfoque comunicativo da aprendizaxe, mediante o uso e a acción, e a través dun currículo orientado aos procesos. O alumnado é usuario da lingua, isto é, é un axente social que desenvolve tarefas comunicativas concretas, mediante actividades comunicativas lingüísticas.

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, ao rematar este curso, o alumno será competente na maioría das capacidades lingüísticas expresadas no nivel B1.

As ensinanzas de bacharelato semipresencial están reguladas pola Circular 4/2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de Bacharelato para persoas

adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2016/17. O currículo prescritivo das distintas materias para esta etapa educativa, é dicir, obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación, establécese na Resolución do 15 de Xullo de 2016 (DOGA 1 agosto) da dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTIVOS DA ETAPA

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as

habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.4.2 PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO (aplicación PROENS)

3.4.3. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO

3.4.3.1. OBXECTIVOS

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non

discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuirá súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.4.3.2. COMPETENCIAS CLAVE

a) As competencias clave e a súa descrición

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).

- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos. Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicarlos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico

e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas. Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo. Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social. Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos. Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala

local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos. Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade

coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

3.4.3.3. SECUENCIA DE CONTIDOS

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	Listening <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dun diálogo entre adolescentes sobre as súas familias. • Comprensión oral dun monólogo curto sobre a aprendizaxe, utilizando a tecnoloxía para realizar diferentes actividades. • Realización de varios exercicios de comprensión. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	Speaking <ul style="list-style-type: none"> • <i>Useful Language</i>: uso de expresións útiles á hora de falar. • Resposta oral a un cuestionario, utilizando as expresións do cadro <i>Useful Language</i>. • Lectura de preguntas dunha entrevista persoal e contestación ás mesmas. • Audición dunha entrevista persoal e aprendizaxe de diferentes expresións utilizadas. • Entrevista ao compañeiro/a, utilizando as expresións aprendidas. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • <i>Extra Speaking Practice</i>: actividades para reforzar o aprendido na sección. • <i>Techno Task</i>: gravación dunha entrevista persoal e proxección da mesma na clase. 	1,2,3,4,5,6,7
B3.1	Reading <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema dos pais controladores co fin de contestar a varias preguntas. • Identificación dos feitos e das opinións nun texto. • Comprensión dun texto sobre a educación esixente e controladora dalgúns pais, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • <i>false friends</i> destacados no texto. • Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan. • <i>Common Words</i>: explicación e práctica sobre os diferentes significados de 	1,2,3,4,5,6,7

“free”.

- Práctica oral do aprendido sobre a educación esixente e controladora dalgúns país, contestando a varias preguntas que se expoñen.
- *Trends*: tendencia dalgúns educadores a defender a formación do carácter como clave para ter unha educación completa.

B4.1	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura de texto argumentativo a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica das conxuncións copulativas e adversativas. • Producción dun texto argumentativo seguindo os pasos facilitados nos apartados <i>Task e Getting Organised</i>, con axuda do apartado <i>Useful Expressions</i>. 	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas co crecemento. • Pronunciar correctamente os sons similares aos contidos en allow, role e spoil. • Realización de varias actividades para aprender e traballar con máis palabras e expresións relacionadas coa educación. • Sufixos para formar substantivos e adxectivos: explicación con exemplos e actividades para practicalos <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión de accións presentes, pasadas e futuras en tempo perfecto con distintas referencias temporais, a través do <i>Present Perfect Simple</i>, <i>Present Perfect Continuous</i>, <i>Past Perfect Simple</i> e <i>Past Perfect Continuous</i>. Uso e formación. Expresións temporais. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • <i>Grammar Challenge</i>: actividade para volver escribir frases co fin de practicar máis as estruturas gramaticais vistas na sección. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co tema da fama a través dunha serie de fotografías, para responder varias preguntas. <p>Trends</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apartado especial e destacado no que se fala do uso dos teléfonos intelixentes para controlar os fillos. <p>Comunication</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura da páxina web dunha academia, para contestar a varias preguntas. • <i>Trends</i>: datos sobre os cursos que ofrecen a través de Internet prestixiosas universidades con gran historia. • <i>Listening</i>: comprensión oral dunha conversación para pedir información sobre os cursos dunha academia online. • <i>Speaking</i>: traballo en parellas para solicitar información, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. • Pronunciar correctamente as letras mudas. • <i>Speaking Strategy</i>: presenta consellos e frases para mellorar a expresión oral para pedir información. • <i>Task</i>: traballo en parellas para facer unha representación na que se practiquen as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. 	1,2,3,4,5,6,7

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 2	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dunha conversación sobre o tipo de país idóneo para vivir. • Comprensión oral da presentación dun estudante sobre unha nena, Malala, que loitou pola súa educación nun país no que as mulleres teñen problemas para formarse. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	<p>Speaking</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo en parellas para falar de problemas sociais, utilizando como base dúas afirmacións que se expoñen. 	1,2,3,4,5,6,7
B3.1	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema de correr riscos para axudar a outras persoas, co fin de contestar a varias preguntas. • Comprender o obxectivo dun autor á hora de escribir un texto concreto. • Comprensión dun texto sobre a implicación das persoas á hora de decidir axudar ou non a alguén nunha situación complicada, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • <i>False friends</i> destacados no texto. • Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan. • <i>Common Words</i>: explicación e práctica sobre os pronomes indefinidos anything, something, everyone e no one. • Práctica oral do aprendido sobre as preguntas para pedir opinión, contestando a varias preguntas que se expoñen. • <i>Trends</i>: explicación dos usos que se fai das gravacións das cámaras de seguridade. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura dun texto de opinión a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica das conxuncións causais e consecutivas, e da estrutura das oracións. • Producción dun texto de opinión seguindo os pasos facilitados nos apartados <i>Task</i> e <i>Getting Organised</i>, con axuda do apartado <i>Useful Expressions</i>. 	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas con asuntos sociais. • Pronuncia correcta dos sons similares aos contidos en behave e fair. • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas coa resolución de problemas sociais. • <i>Verb collocations</i>: explicación con exemplos e actividades para practicalos. <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión de frases en estilo indirecto. Uso e formación. Cambios que se producen nos verbos, adverbios, pronomes, etc. Formulación de afirmacións, preguntas, ordes e suxestións en estilo indirecto. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • <i>Grammar Challenge</i>: actividade para reescribir frases que se dan, de tal maneira que, aínda que cambie a estrutura, teñan o mesmo significado. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co tema dos asuntos sociais a través dunha serie de viñetas para responder varias preguntas. <p>Trenes</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apartado especial e destacado no que se fala das mellores cidades para vivir a xuventude. 	1,2,3,4,5,6,7

	<p>Communication</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura dunha páxina web solidaria para contestar a varias preguntas. • <i>Trends</i>: comentario sobre o uso dos medios sociais para concienciar as persoas sobre causas ou problemas. • <i>Listening</i>: comprensión oral dunha conversación sobre como recadar diñeiro para un centro de xente sen fogar. • <i>Speaking</i>: traballo en parellas para a expresión oral de opinións, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. • Ritmo correcto á hora de falar. • <i>Speaking Strategy</i>: presenta consellos e frases para axudar a introducir un tema ou a pasar a un novo nunha conversación. • <i>Task</i>: traballo en parellas para expoñer tres métodos diferentes de recadar diñeiro para fins benéficos, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. 	
--	--	--

2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 3	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dunha conversación sobre que lugares amosar a alguén que vai de visita a Río de Janeiro. • Comprensión oral dunha conversación sobre viaxar a Guatemala, para realizar diferentes actividades. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	<p>Speaking</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo en parellas para facer plans sobre a visita dun amigo a outro. 	1,2,3,4,5,6,7
B3.1	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema dos extravíos de obxectos, co fin de contestar a varias preguntas. • Comprensión dos pronomes empregados nun texto para evitar a repetición de palabras. • Comprensión dun texto sobre como, grazas a Google Earth, un mozo da India se reencontrou coa súa familia, anos despois de perderse e acabar en Australia, co fin de realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • <i>False friends</i> destacados no texto. • Identificación no texto de palabras sinónimas e antónimas ás que se dan. • Práctica oral do aprendido sobre as aplicacións de xeolocalización, contestando a varias preguntas que se expoñen. • <i>Trends</i>: a utilidade de Google Earth e Google Street View para coñecer lugares nos que nunca se estivo. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura dun texto narrativo a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica dos conectores de secuencia e das expresións temporais. • Uso do clímax nunha narración. • Producción dun texto narrativo seguindo os pasos facilitados nos apartados <i>Task e Getting Organised</i>, con axuda do apartado <i>Useful Expressions</i>. 	1,2,3,4,5,6,7

<p>B5.1 - B 5.7</p>	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas coas viaxes. <i>Common Words</i>: explicación e práctica sobre a diferente pronuncia de wander / wonder. Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas cos preparativos de viaxes. <i>Collocations</i> nominais: explicación con exemplos e actividades para practicalos. <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> Os verbos modais e os modais perfectos. Uso e formación. Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. Pronuncia correcta das formas contraídas dos modais en negativa. <i>Grammar Challenge</i>: actividade para reescribir frases que se dan, de tal xeito que, aínda que cambie a estrutura, teñan o mesmo significado. <p>Communication</p> <ul style="list-style-type: none"> Lectura de varios pés de foto que hai nun blog de viaxes, para contestar a varias preguntas. <i>Trends</i>: información sobre un novo xogo en Internet que combina mapas e entretemento. <i>Listening</i>: comprensión oral dun monólogo no que se comparan dúas fotografías. <i>Speaking</i>: traballo en parellas para a expresión oral de preguntas e respostas, comparando fotografías co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. Pronuncia correcta dos sons contidos en palabras como winter / show e you / city. <i>Speaking Strategy</i>: presenta os conectores de frecuencia e de adición para conectar frases cando se fala. <i>Task</i>: traballo en parellas para comparar e contrastar fotografías, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p> <ul style="list-style-type: none"> Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> Familiarizarse co tema das viaxes de aventura a través dunha serie de fotografías para responder varias preguntas. <p>Trends</p> <ul style="list-style-type: none"> Apartado especial e destacado no que se fala de como a xuventude actual viaxa máis ao estranxeiro. 	<p>1,2,3,4,5,6,7</p>
----------------------------	--	----------------------

2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 4	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening</p> <ul style="list-style-type: none"> Comprensión oral dunha conversación sobre problemas ambientais. Comprensión oral dunha entrevista sobre edificios ecolóxicos para realizar diferentes actividades. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	<p>Speaking</p> <ul style="list-style-type: none"> Traballo en parellas para falar sobre problemas ambientais. 	1,2,3,4,5,6,7

<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema do consumo de alimentos no futuro, co fin de contestar a varias preguntas. • Identificación da idea principal dun parágrafo para axudar a comprender mellor a idea global dun texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión dun texto sobre a carne que comemos e o pouco ecolóxica que é a industria que a produce, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • <i>False friends</i> destacados no texto. • Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan. • <i>Common Words</i>: explicación e práctica sobre os diferentes significados de “about”. • Práctica oral do aprendido sobre a carne de laboratorio, contestando a varias preguntas que se expoñen. • <i>Trends</i>: datos sobre o consumo de carne en España. 	<p>1,2,3,4,5,6,7</p>
<p>B3.1</p>	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura dun resumo a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica da orde da paráfrase. • Producción dun resumo seguindo os pasos facilitados nos apartados <i>Task e Getting Organised</i>, con axuda do apartado <i>Useful Expressions</i>. 	<p>1,2,3,4,5,6,7</p>
<p>B4.1</p> <p>B5.1 - B 5.7</p>	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas cos problemas ambientais. • Prefixos para formar novas palabras. • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas co ambiente. <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión de frases en condicional (zero, primeiro, segundo e terceiro). Uso e formación. • As oracións desiderativas. Uso e formación. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • <i>Time Clauses</i>: palabras e expresións máis frecuentes nas oracións temporais. • <i>Grammar Challenge</i>: actividade para reescribir frases que se dan, de tal xeito que, aínda que cambie a estrutura, teñan o mesmo significado. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co tema do ambiente a través dunha serie de fotografías, para responder varias preguntas. <p>Trends</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apartado especial e destacado no que se fala dos datos dunha enquisa sobre as preocupacións ambientais dos españois. <p>Communication</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura dun texto online sobre as viaxes ecolóxicas, para contestar a varias preguntas. • <i>Trends</i>: explicación sobre o que é un eco-tour. • <i>Listening</i>: comprensión oral dunha conversación para chegar a un acordo sobre que plans se levarán a cabo nun evento sobre concienciación ambiental. • <i>Speaking</i>: traballo en parellas para a expresión oral de preguntas e respostas, para chegar a acordos co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. • <i>Speaking Strategy</i>: consellos e frases para alcanzar acordos. • Pronuncia correcta dos sons contidos en palabras como architecture, brochure e choice. • <i>Task</i>: traballo en parellas para chegar a un acordo para facer unha viaxe, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p>	<p>1,2,3,4,5,6,7</p>

	<ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. 	
--	---	--

3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 5	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	Listening <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dun diálogo para contestar a un cuestionario. • Comprensión oral dunha clase sobre bacterias, para realizar diferentes actividades. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	Speaking <ul style="list-style-type: none"> • Traballo en parellas para falar sobre animais. 	1,2,3,4,5,6,7
Lenda das competencias clave: **CCL:** Comunicación lingüística; **CAA:** Competencia aprender a aprender; **CSC:** Competencias sociais e cívicas; **CCEC:** Competencia en conciencia e expresións culturais; **CD:** Competencia Dixital; **CSIEE:** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor; **CMCCT:** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Lenda dos niveis de adquisición dos estándares: 1- Non o consegue 2- Conségueo con dificultade 3- Non o consegue totalmente 4- Conségueo

3.4.3.6. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	
PLEB 1.1	Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).
PLEB 1.2	Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.
PLEB 1.3	Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.
PLEB 1.4	Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.
PLEB 1.5	Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.
PLEB 1.6	Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
PLEB 2.1	Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.).
PLEB 2.2	Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.
PLEB 2.3	Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crezas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.
PLEB 2.4	Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.
PLEB 2.5	Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.

PLEB 2.6	Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.
---------------------------	---

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
PLEB 3.1	Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais).
PLEB 3.2	Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.
PLEB 3.3	Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos).
PLEB 3.4	Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade.
PLEB 3.5	Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos.
PLEB 3.6	Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos.
PLEB 3.7	Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
PLEB 4.1	Escrebe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estadía no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas.
PLEB 4.2	Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada.
PLEB 4.3	Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado).

PLEB 4.4	Escrebe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo).
PLEB 4.5	Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado.
PLEB 4.6	Escrebe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.
PLEB 4.7	Escrebe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.
PLEB 4.8	Escrebe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL	
PLEB 5.1	Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.
PLEB 5.2	Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.
PLEB 5.3	Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.
PLEB 5.4	Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.
PLEB 5.5	Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.
PLEB 5.6	Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.
PLEB 5.7	Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.
PLEB 5.8	Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.
PLEB 5.9	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

3.4.3.8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.
- B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración).
- B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.
- B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.
- B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.
- B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

- B2.1. Coñecer, seleccionar con coidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación; recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación.
- B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.
- B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).
- B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación.
- B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.

- B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir.
- B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a organización da información e o tipo de texto.
- B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro.
- B3.3. Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como do propio da especialidade, aínda que sexa necesario apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquexos e outros.
- B3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.

- B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar.
- B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

- B4.1. Utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se estea seguro e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: planificación do texto, selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, presentación das ideas segundo o tipo de texto, organización adecuada en parágrafos, e revisión da coherencia, a cohesión, a ortografía, a puntuación e as concordancias.
- B4.2. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos.
- B4.3. Escribir, en calquera soporte, textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses ou a especialidade, facendo descrições claras e detalladas; sintetizando información e argumentos extraídos de diversas fontes e organizándoos de maneira lóxica; e defendendo un punto de vista sobre temas xerais, ou máis específico, indicando os proles e os contras das opcións, utilizando para iso os elementos lingüísticos adecuados para dotar o texto de cohesión e coherencia, e manexando un léxico adaptado ao contexto e ao propósito comunicativo que se persegue
- B4.4. Planificar e articular o texto escrito segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os

expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal B4.5. Elaborar resumos e notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.

- B4.6. Presentar os textos escritos de maneira coidadosa (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

- B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, e seleccionalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor.
- B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico
- B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación).
- B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes

registros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas.

- B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público, educativo e laboral ou profesional, así como un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.
- B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.
- B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.
- B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais.
- B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

3.4.3.8. AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos no punto 5 desta programación, de acordo co real decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- Continua, xa que cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.
- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.

Co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa, realizaranse probas extraordinarias e programas individualizados en cada un dos cursos. Ao rematar o Bacharelato, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

Os alumnos/as que non superasen esta avaliación (cunha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), ou que desexen elevar a súa cualificación final de Bacharelato, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, previa solicitude, tomándose en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias ás que se concorreu.

Celebraranse polo menos dúas convocatorias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

3.4.3.9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NO BACHARELATO

- No caso de que o profesor indique libros de lectura, estes serán considerados obrigatorios e a non lectura dos mesmos suporá unha avaliación negativa.
- Contribuirá á nota a entrega de exercicios, redaccións, traballos, etc, sempre que quede claro para o profesor que se trata de traballo persoal, creativo, e con ganas de

avanzar na materia. A actitude na aula deberá ser cordial e proactiva, considerándose a participación do/a alumno/a como un aspecto positivo de cara a avaliación final.

- Dado que no estudio dunha lingua todos os elementos están relacionados entre sí, a avaliación será continua, é dicir, todo o explicado ata o momento do exame poderá considerarse materia de exame de xeito implícito ou explícito.

- En cada trimestre haberá un único exame, que constará de exercicios de gramática, vocabulario, comprensión lectora e unha redacción. No segundo e terceiro trimestres poderá incluírse algún exercicio do tipo das ABAU, é dicir, o alumno terá que ler un texto e amosar a súa comprensión do mesmo respondendo adecuadamente e sen cometer erros gramaticais a preguntas sobre o fragmento. Este segundo exame incluíría tamén un tema de redacción e algunha cuestión de gramática, e podería incluír asimesmo unha audición. A cualificación obtida nel será o 50% da nota da avaliación. Aqueles que non superen os exames, terán que facer unha proba de recuperación no mes de maio.

- Hai **erros moi básicos** que, de cometerse reiteradamente nos exames, **suporían suspendelos**. Son os seguintes:

- Adxectivos en plural e detrás do substantivo.
- Confusión entre adxectivos posesivos, pronomes posesivos, pronomes persoais obxecto e suxeito.
- Omisión do suxeito cando este sexa necesario.
- Fallos de concordancia suxeito-verbo
- Colocación inadecuada dos adverbios de frecuencia
- Uso dos verbos modais seguidos de infinitivo con TO, con verbos auxiliares, con –s en terceira persoa do singular do presente simple.

3.4.3.10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez, sen decimais, e consideraranse negativas as inferiores a cinco (5). A nota media será a media aritmética das cualificacións de todas as materias, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. Na convocatoria da proba extraordinaria, se o alumnado non se presentase a ela, consignarase como non presentado.

Para obter a nota final, a nota do **exame** suporá o **90%** da mesma, correspondendo o restante **10%** a **traballos entregados** durante cada trimestre (probos en ABAU 2º Bacharelato, redaccións,... etc.).

O exame estará composto polas seguintes partes e porcentaxes:

- Gramática e vocabulario: 50%
- Comprensión auditiva : 10%
- Comprensión lectora: 20%
- Expresión escrita: 20%

No caso de que se use nos exames, a partir da segunda avaliación, algún exercicio de expresión oral, as porcentaxes pasarían a ser as seguintes:

- Gramática e vocabulario: 40%
- Comprensión auditiva: 10%
- Comprensión lectora: 20%
- Expresión escrita: 20%
- Expresión oral: 10%

No caso de que o tempo reservado aos **exames** non fose o suficiente para o desenvolvemento de tódalas destrezas, suprimiríase a parte de comprensión e expresión oral e as porcentaxes do seguinte xeito:

- Gramática e vocabulario: 60%
- Comprensión lectora: 20%
- Expresión escrita: 20%

3.4.3.11. RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE

Os alumnos matriculados en materias de segundo curso que teñan a materia de primeiro non superada, terán dereito cada ano académico a dúas avaliacións:

- a) unha ordinaria, que se celebrará no mes de abril para o alumnado que teña a posibilidade de acceder ao título de bacharelato na convocatoria ordinaria, e a principios do mes de xuño para o resto do alumnado.
- b) Unha extraordinaria, que se celebrará a finais do mes de xuño.

As probas recollerán os contidos léxicos, fonéticos e gramaticais do primeiro curso de maneira obrigatoria e, opcionalmente, unha audición ou un exame oral. De incluírse a audición e/ou o exame oral, a puntuación outorgada a estes apartados non superará o 50% do total do exame, de xeito que o alumno poderá supera-lo curso sen aprobar as

probas de *listening* e *speaking* pero deberá obter alomenos o 30% da puntuación asignada a elas.

3.4.3.12. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O bacharelato de adultos a distancia caracterízase polo traballo autónomo do alumnado e pola acción titorial necesaria para o proceso de ensino-aprendizaxe. Por este motivo, os alumnos disporán dunha guía do alumnado que oriente o seu traballo autónomo. Esta guía incluírá indicacións sobre a distribución temporal dos contidos da materia, os criterios de avaliación, orientacións metodolóxicas, as actividades que se van realizar, as datas de avaliación e calquera outra información de interese para a súa aprendizaxe.

A acción titorial realizarase fundamentalmente a través das titorías presenciais, tanto lectivas como de orientación. As titorías lectivas dedicaranse a abordar co alumnado os aspectos fundamentais da materia, incidindo especialmente nos contidos procedementais. Por outra banda, as titorías de orientación dedicaranse a solucionar as dúbidas que suscite no alumnado o estudo da materia e os problemas atopados no desenvolvemento do seu traballo autónomo, así como a realizar orientacións para o mellor aproveitamento do seu estudo.

Tendo en conta todo isto, a metodoloxía empregada no proceso de ensinanza-aprendizaxe é a seguinte:

- Procurarase que os temas suxeridos resulten familiares ou de interese para os alumnos. Buscaranse temas que sexan motivadores, tentando empregar en toda información próximas a eles, implicándose eles no proceso de aprendizaxe ó tempo que se evita caer na monotonía.
- Os aspectos fundamentais do tema a tratar serán introducidos mediante algún medio audiovisual, un xogo, un cuestionario, un exercicio de “warm up” etc. Isto terá a finalidade de motivar e pulsar os coñecementos previos do alumno sobre o tema, e estará sempre suxeito á brevidade e claridade.
- Seguirá despois de cada introducción, aínda que non necesariamente cunha orde rigorosa en tódolos casos, a presentación individualizada de cada un dos aspectos a tratar.

3.4.3.13 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto: *Trends 2*, ed. Burlington.

Ademais do libro de texto, empregaranse exercicios do caderno Trends 2, tamén de creación propia ou extraídos de diferentes libros de gramática e/ou vocabulario, outros libros de texto, e incluso de diferente páxinas web.

3.4.3.14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Non se prevé polo momento a incorporación de alumnos con discapacidades de natureza física ó curso de 1º de Bacharelato. No caso de que así se producisen, adoptaríanse as medidas pertinentes para a adaptación do material didáctico ás necesidades do/s alumnos implicados, centrando a atención do proceso de aprendizaxe naquelas destrezas para as que o alumno non estivese discapacitado (por exemplo, orais ou escritas, auditivas ou visuais).

No caso de que haxa en primeiro de Bacharelato alumnos con necesidades educativas especiais de natureza cognitiva, farase unha programación de aula con actividades específicas para eles en coordinación co Departamento de Orientación.

- Propoñeranse actividades pensadas para que o alumno poida recibir información e extraer conclusións sobre o tema.
- Na meirande parte dos casos recurrirase á linguaxe oral. O tipo de actividades serán adiviñas, mimo, “information gaps”, “drills”, etc.
- As actividades serán gradualmente máis libres e personalizadas, tentando crear así unha situación comunicativa significativa dentro da aula.
- Desenvolveranse os aspectos tratados máis amplamente cunha práctica de reforzo, onde se terán en conta as catro destrezas: a comprensión e expresión oral por un lado e a comprensión e expresión escrita por outro. Aquí as posibles actividades son moi amplas. Consideraranse axeitadas: “pair work exercises”, “open ended texts”, “dictations”, “role plays”, “descriptions”, “puzzles”, etc.
- Nunha última fase aínda máis personalizada , e sempre tendo en conta as posibilidades de expresión do alumno en inglés, buscarase que estes comuniquen as súas propias vivencias e ideas con claridade e coherencia, aplicando os novos coñecementos adquiridos. Isto procurarase con actividades tales como “game type activities”, “group work”, investigación dentro e fóra do centro escolar, redacción e debates.

- Un dos obxectivos é que o alumno chegue a asumir a súa tarefa de aprendizaxe. Para elo proporcionaráselle unha serie de estratexias para chegar ó control dos procesos mentais. Isto é, simplificar e facilitar a comprensión para a posterior asimilación dos novos contidos.
- Buscarase que o alumno poida planificar efectivamente a súa tarefa, así como que chegue a analizar e reflexionar sobre os compoñentes das competencias presentadas tanto a través de textos orais como escritos.
- Tamén se dará especial relevancia á autocorrección e autoavaliación por parte do alumno.
- Incentivarase a utilización autónoma de recursos para consulta e investigación: dicionarios, material de consulta, libros de lectura, etc.
- Tamén se tratará de fomentar o respecto cara as ideas expresadas por outras persoas, así como a tolerancia ante os erros. Deberán colaborar no traballo en grupo ou en parellas.
- Buscarase, en definitiva, o enriquecemento persoal mediante o coñecemento de opinións de diferentes persoas e culturas.

3. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN E O PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Indicadores para a avaliación da Programación Didáctica	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto.				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. .				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
20. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
21. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
22. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
23. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
24. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
26. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
27. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
28. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

OBSERVACIÓNS: _____